

NORMATIVA DE TRABALLOS FIN DE MÁSTER DA TITULACIÓN DE MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

(Aprobada pola Comisión de Título o 27 de xullo de 2017)

Co obxecto de regulamentar o proceso de elaboración e defensa do Traballo Fin de Máster (TFM) do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, de acordo co *“Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela”* aprobado polo Consello de Goberno o 10 de marzo de 2016, a Xunta de Facultade de Psicoloxía o 18 de decembro de 2017 e, posteriormente, o Consello de Goberno da USC en reunión do día 19 de xullo de 2018, aprobaron a presente normativa pola que se rexerá o desenvolvemento desta materia.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta normativa ten por obxecto a regulación do Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, e contén as directrices relativas á definición, elaboración, defensa, cualificación e tramitación administrativa do TFM como se establece no plan de estudos de acordo cos criterios establecidos na Orde ECD/1070/2013, de 12 de xuño, pola que se regulan os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilita para o exercicio da profesión titulada e regulada de Psicólogo Xeral Sanitario.

Artigo 2. Características do Traballo Fin de Máster.

2.1. O Traballo de Fin de Máster (en adiante, TFM) do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria constitúe unha materia obrigatoria de 12 ECTS, situada no terceiro semestre da programación. Consistirá na elaboración dun proxecto ou memoria orixinal e autónoma no que os/as estudantes acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos de máster para a realización de investigacións, avaliacións e intervencións psicolóxicas dos aspectos do comportamento e a actividade das persoas que inflúen na promoción e mellora do seu estado xeral de saúde. No caso de que se realice no marco das investigacións de carácter sanitario do profesorado do Máster, deberá igualmente permitir a adquisición de destrezas, técnicas, coñecementos, capacidade de análise e crítica necesarios para o adecuado desempeño do futuro profesional.

2.2. O TFM incluirá, como mínimo, tarefas de procura e revisión bibliográfica, análise crítica, sistematización e integración de información relevante, redacción e presentación oral e escrita. Estará orientado á avaliación das competencias designadas para esta materia na memoria de verificación do Título ou, de ser o caso, as súas modificacións posteriores.

2.3. O TFM poderá versar sobre:

- a) a procura sistematizada de información relevante acerca dun tema da psicoloxía sanitaria, neste caso deberase aportar, ademais, unha proposta de carácter práctico en consonancia coa revisión realizada;
- b) un estudo empírico ou experimental, coa conseguinte aportación práctica;
- c) a análise de casos debidamente fundamentados (avaliacións, intervencións, informes psicolóxicos) ou
- d) a descrición razoada e detallada dun protocolo de intervención.

As características formais do traballo especifícanse na programación académica da materia.

2.4. O TFM desenvolveranse baixo a supervisión dun titor ou titora académico, que deberá pertencer ás áreas de coñecemento con docencia no máster. O persoal docente da Universidade de Santiago de Compostela que sexa nomeado titor de TFM ten a obriga de asumir esta actividade de tutoría conforme ao que se estableza nesta normativa, e na xeral da USC.

Artigo 3. Órganos encargados da xestión dos TFM.

3.1. Os órganos encargados da xestión dos TFM son o coordinador ou coordinadora do título, ou persoa en quen delegue, que actuará como coordinador/a do TFM, e a Comisión de Título do Máster. No caso de delegación da función de coordinador/a, esta deberá recaer nun profesor ou profesora do Máster membro da Comisión de Título

3.2. As competencias da dita Comisión serán as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación establecendo a porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento exposición e criterios de avaliación fundamentais.
- Establecer o tempo máximo do que o estudante disporá para a súa defensa.
- Determinar os sistemas de tutoría.
- Aprobar a proposta dos temas.
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s afectado/s.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...).
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

3.3. A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de entrega e defensa dos TFM, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Artigo 4. Matrícula e convocatorias.

4.1. As condicións de matrícula e convocatorias son as que veñan establecidas pola normativa xeral aplicable da Universidade para o caso de títulos de máster conducentes ao exercicio dunha profesión regulada.

4.2. O coordinador ou coordinadora do TFM verificará, coa asistencia do/a Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do Centro e os Departamentos, que se cumpren os requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

4.3. A Comisión de Título, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretará as datas para a solicitude e defensa dos traballos nos intervalos temporais que

determine o calendario académico e fará pública esa información, xunto coa de horarios e calendarios de exames, tras a súa aprobación polos órganos correspondentes. Tamén deberá definir as modalidades de defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e criterios xerais de avaliación.

4.4. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.5. Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. Do/a titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo.

5.1. O TFM terá un/ha titor/a que asista ao estudante na realización do traballo. Por razóns xustificadas, e se a Comisión de Título o estima oportuno, poderá designarse outro/a titor/a, ou un/ha cotitor/a.

5.2. O/a titor/a será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na titulación.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES. No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa dedicación. Para a autorización destas excepcións, a Comisión de Título valorará as razóns académicas e de especialización que as xustifican.

5.3. Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con centros ou institucións sanitarias. Nestes casos, poderá designarse un cotitor/a que sexa persoal dese centro ou institución, e tanto a matrícula como a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

5.4. A Comisión de Título solicitará ao profesorado os temas que ofertan para o desenvolvemento do TFM e as aprobará unha vez verificado que se axustan ao establecido na memoria do título e na guía docente da materia.

5.5. A elección dos titores por parte dos estudantes farase pública en tempo e forma segundo determine a Comisión de Título dependendo do período en que se matricule o estudante e a oportunidade á que se vaia presentar. A asignación de titor/a efectuarase en función das preferencias do alumno, seguindo a orde de prelación do expediente académico. Acabado o

proceso, publicarase unha relación provisoria de asignación de propostas e se establecerá un período de reclamacións, tralo que se publicará a asignación definitiva.

5.6. Unha vez realizada a asignación, a Comisión de Título comunicará aos departamentos con docencia na titulación a listaxe de titores de cada un deles, a efectos da inclusión desta información na asignación do seu encargo docente no POD.

5.7. Unha vez asignadas as propostas de TFM, cada estudante deberá contactar coa titora ou titor a fin de concretar tema e programar o traballo. O titor/a orientará a programación das tarefas e será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, guiar o seu desenvolvemento e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de avaliar a Memoria mediante o formulario correspondente, no prazo establecido a tal fin, para os efectos de que se teña en conta na avaliación final do TFM.

Artigo 6. Tribunal de Avaliación.

6.1. A avaliación dos traballos farase na facultade de Psicoloxía a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal. O Tribunal será nomeado pola Comisión de Título en cada convocatoria.

6.2. Os tribunais estarán formados por tres membros e, polo menos, un suplente que substituirá, de ser o caso, ao membro ausente. Os membros do tribunal deberán ser PDI con docencia no máster. A conformación dos tribunais, así como a asignación das responsabilidades de presidencia, secretaría e vogalía dos membros do tribunal, realizarase por sorteo. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

6.3. A asignación de estudantes aos tribunais farase por orde alfabético das solicitudes de defensa presentadas, tendo en conta que non pode formar parte do tribunal asignado o titor/a.

Artigo 7.- Solicitud e autorización de defensa.

7.1. As datas de solicitude de defensa, entrega das Memorias de TFM e presentación do traballo serán fixadas pola Comisión de Título en cada curso académico, segundo o calendario académico establecido.

7.2. O alumnado entregará tres exemplares en papel xunto cun pdf do traballo na administración da Facultade de Psicoloxía, até o momento en que a normativa arbitre a obriga de depositalo por medios telemáticos.

7.3. Para a defensa do traballo é preceptivo o informe previo do titor/a ao que se fai referencia no apartado 5.7, que terá o mesmo prazo que o de depósito do TFM.

7.4. O alumnado que, autorizada a defensa, non se presente á mesma na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

7.5. A elaboración e defensa do TFM poderanse efectuar en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 8. Defensa do TFM.

8.1. A defensa do TFM realizarase en acto público mediante a exposición ante un Tribunal do traballo realizado, durante un tempo máximo de 15 minutos. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes en relación co traballo defendido, durante un tempo máximo de 15 minutos.

8.2. A Facultade facilitará os medios necesarios para a defensa do TFM (aula, medios de proxección, conexión a rede) nas datas oficiais indicadas para a súa exposición.

8.3. Para casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión de Título, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na súa autorización.

8.4. Poderanse organizar outras modalidades de defensa con formato congreso e exposicións de pósteres, comunicacións, se así o aproba a Comisión de Título. Neste caso, o formato deberá aprobarse e facerse público no momento de aprobación da programación académica do curso correspondente. Asemade, no caso de traballos protexidos por cláusulas de confidencialidade, segundo se indica no artigo 11, a Comisión de Título arbitrará a modalidade de defensa a realizar.

Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión.

9.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme aos criterios establecidos na programación da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación establecidas para o TFM.

9.2. O titor/a do TFM entregará ao tribunal a valoración correspondente as competencias asociadas ao desenvolvemento do traballo, como se indica no apartado 5.7.

9.3. Os membros do Tribunal deliberarán de forma conxunta sobre a cualificación, segundo o formulario de rúbrica aprobado pola Comisión de Título para estes efectos, de acordo coa seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS)
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
- 7,0 - 8,9: Notable (NT)
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. A atribución desta cualificación corresponderalle á Comisión de Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

9.4. Na programación académica da materia detállase a porcentaxe de ponderación que corresponde ao titor e ao Tribunal na cualificación final do TFM.

9.4. Cada un dos tribunais fará públicas as cualificacións unha vez finalizadas as exposicións e avaliacións dos traballos correspondentes. No momento de facer pública a cualificación, o

Tribunal fixará unha data de revisión da mesma, conforme aos procedementos e prazos establecidos na normativa vixente.

9.5. A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante as sinaturas do estudante e o membro/s do tribunal que atenderon a revisión.

9.6. O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 10. Xestión das actas.

10.1. O procedemento de xestión de actas será o establecido con carácter xeral pola USC para os TFM.

Artigo 11. Dereitos do alumnado.

11.1. A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

11.2. No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual. Nestes casos estarase, para a reserva dos contidos afectados por confidencialidade e para a difusión do TFM, ao que establece o art. 11.2 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de grao e máster na USC.

11.3. Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

11.4. A Comisión de Título poderá propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia.

Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e praxe do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Artigo 12. Deberes do alumnado.

12.1. Os TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

12.2. O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16

da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

12.3. Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a Comisión do Título considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

Artigo 13. Interpretación da presente normativa.

13.1. A interpretación da presente normativa correspóndelle á Comisión de Título.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Logo da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC, o presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico e será de aplicación aos títulos regulados polo R.D. 1393/2007, do 29 outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.